

# Morre o escritor Xosé Fernández Ferreiro, o afiador das letras galegas

• *Xornalista e fundador do grupo Brais Pinto, gañou o Xerais con «Agosto do 36»*

17 de diciembre de 2015. Actualizado a las 05:00 h.



FOTO: PACO RODRIGUEZ ([HTTP://WWW.LAVOZDE GALICIA.ES/FIRMAS/FRANCISCO-JOSE-RODRIGUEZ-ANON](http://www.lavozdeg Galicia.es/firmas/francisco-jose-rodriguez-anon)).

***Morrer en Castrelo de Miño*** é un dos seus libros míticos. Pero **Xosé Fernández Ferreiro** (Espartedo, Nogueira de Ramuín, 1931) morreu na noite de onte, na Coruña. O autor de *Agosto do 36* (premio Xerais en 1991) levaba dous meses enfermo e estaba internado provisionalmente nunha residencia. Esta mesma semana era trasladado a outra preto do seu domicilio no barrio de Monte Alto, algo do que se alegrou. Na noite de onte, despois da cea, deulle un infarto e faleceu.

**Fernández Ferreiro**, autor da primeira novela de vaqueiros en galego, *A morte de Frank González*, ingresara na Real Academia Galega o 9 de marzo de 2013 con un discurso titulado *Breves reflexións sobre os escritores e os xornalistas*. Deulle a réplica Manuel Rivas, algo polo que, aseguraba, «estou encantado porque xa ten escrito iso de que o afiador chega a Academia». De feito foi **Fernández Ferreiro** o que puxo o nome dun afiador, Brais Pinto, ao grupo literario que fundou en Madrid en 1958. Formaban parte de aquel colectivo de xentes da esquerda e nacionalistas Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Reimundo Patiño, Bautista Álvarez, Ramón Lorenzo, César Arias, Herminio Barreiro, Xosé Alexandre Cribeiro ou Xosé Ramón Fernández-Oxea.

«Eu son de Ferrín», decía pouco antes de ingresar na RAG e cando o entonces presidente anunciara que deixaba o cargo. E engadía: «*En Pólvora e magnolias* ten un poema no que fala de que hai mil anos que nos coñecemos e que nacemos na cunca do noso idioma».

Ferreiro exerceu o xornalismo nos principais medios galegos, xubilándose como redactor de La Voz de Galicia, onde traballou durante vintecinco anos. En 1985 recibiu o Premio Galicia de Periodismo e a Asociación de Escritores en Lingua Galega concedeulle a letra E no ano 2003.

Para Francisco X. Fernández Naval, autor ourensano como Ferreiro, este era «como o escritor bidueiro», xa que estas son «árbores que sosteñen a terra e enriquecen o chan, facendo posible que alí medren outras especies, se cadra de máis porte, de máis prestixio social, pero non máis importantes». Por iso, apuntaba, o autor de libros como *A morte de Frank González*, *Morrer en Castrelo de Miño* ou *A saga dun afiador* «enriqueceu o corpo dos lectores do galego e axudou a que sobre a súa obra se construíse outra, porque sabemos que a literatura é como un castelo de naipes, arquitectura sutil na que unhas pezas sosteñen as outras».

Ferreiro coincidía co seu amigo cando decía: «A novela que máis me gusta, eu penso que a mellor que teño, é *Morrer en Castrelo de Miño*. Logo estaría *A saga dun afiador*, pero sempre se fala de *Agosto do 36*. Son máis dunha ducia de novelas e algunha vez teño pensado en reescribilas pero non sei...».

Hai pouco máis de dous anos apuntaba os seus proxectos literarios: «Teño dous libros no ordenador, unha novela e outro un pouco raro. Quero publicar un libro con *Cantigas, dicires e maldicires dos afiadores de Nogueira de Ramuín*. É un traballo medio sociolóxico que fun facendo durante anos, pero despois perdino». Agora o que acaba de perder a literatura galega é ao seu afiador, o home que levou a súa roda da palabra a Academia Galega.

## A incineración deste gran aficionado ao cinema terá lugar mañá na Coruña

Xosé Fernández Ferreiro está no tanatorio Albia, na Grela. Alí será incinerado mañá, venres. Remata así unha vida que arrincaba en Nogueira, «foi o lugar que máis me marcou». Despois, en Ourense sería amigo dos grandes da cultura. Lembraba como Vicente Risco, despois de decirlle «por falta de unto que non quede o caldo sin facer», deulle unha tarxeta para Celso Emilio. En Madrid cando estudaba periodismo publicou no desaparecido «Informaciones»

reportaxes sobre os segadores e os ambulantes galegos. Traballou nun cine, o que o converteu nun gran aficionado, e pasou etapas duras nas que levaba o reloxo ou a gabardina a unha casa de empeños: «Dábanme 50 pesos e podía pagar a pensión, que era mala e matábanos de fame». Un inverno pillouno sin a gabardina.